



CONSELLO SOCIAL  
Casa da Concha, Rúa da Conga núm.1  
15782 Santiago de Compostela  
A Coruña  
Tfnos.: 881 813 458 - 881 812 904/905/906  
[www.usc.es/csocioal](http://www.usc.es/csocioal)  
[practicassocial@usc.es](mailto:practicassocial@usc.es)

## INFORMACIÓN PARA EMPRESAS

### Prácticas externas extracurriculares - Consello Social da USC

O Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios, establece no seu art. **8.1.a** a posibilidade de que os estudantes matriculados en ensinanzas impartidas pola Universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.

A través do Consello Social da USC se tramitarán mediante convocatoria pública as prácticas académicas externas extracurriculares para o alumnado desta Universidade.

A duración de cada práctica será **entre 125 e 750 horas cun máximo de 40 horas semanais e nun período máximo de 6 meses**. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas características das mesmas e a dispoñibilidade da dependencia colaboradora. Asemade deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo estudante na universidade.

As convocatorias de prácticas así como todos os actos que deriven delas se publicarán na Sede Electrónica da Universidade: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/97658/carga.htm>

Todos os impresos de prácticas se poden descargar desde a WEB [www.usc.es/csocioal/practicassocial](http://www.usc.es/csocioal/practicassocial)

#### Procedemento

As entidades que desexen colaborar acollendo nas súas instalacións a alumnado en prácticas deberán:

- Formalizar o convenio de colaboración. Este documento non suporá a adquisición de compromisos de carácter contractual ou laboral coa entidade colaboradora asinante. Tampouco obriga ás empresas a participar nas convocatorias de prácticas pero si as habilita para elo.

O convenio terá efectos dende a súa sinatura, a súa vixencia será de *catro anos* prorrogables por catro anos máis de forma expresa se hai acordo entre as partes. A denuncia do documento poderá ser formulada de maneira expresa e cunha antelación *mínima de tres meses* por calquera das partes. Non obstante, non se poderá rescindir mentres haxa estudantes realizando prácticas.

- Remitir ao Consello Social a/s oferta/s para cada unha das convocatorias públicas nas que desexen participar.
- Designar a un titor ou a unha titora que se encargue da formación do/a estudante durante a súa estadía na entidade.

Tras a publicación da resolución definitiva de alumnos/as admitidos/as na Sede Electrónica da Universidade, o/a estudante porase en contacto coa entidade para a que foi seleccionado/a co fin de que o/a empracen para unha entrevista na que acorden os termos da práctica.

No prazo aproximado de **15 días naturais** contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución e en todo caso unha vez realizada a entrevista, deberán entregar no Consello Social o *anexo ao convenio* de colaboración no que reflectirán os termos da práctica. A data de comezo da práctica non pode ser en ningún caso anterior a aquela na que remate o prazo de matrícula, o cal virá indicado en cada convocatoria pública.

#### Titor/a

O/A titor/a designado/a pola entidade deberá ser unha persoa vinculada á mesma, con experiencia profesional e cos coñecementos necesarios para realizar unha tutela efectiva. Non poderá coincidir coa persoa que desempeñe as funcións de titor/a académico/a da USC.

#### DEREITOS:

- Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da Universidade, previa petición do/a interesado/a, nos termos previstos no convenio de colaboración educativa.

- A obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

#### DEBERES:

- Acoller ao/á estudante e organizar a actividade a desenvolver consonte co establecido no proxecto formativo.
- Informar ao/á estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese.
- Coordinar co titor académico ou coa titora académica da Universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no anexo ao convenio de colaboración educativa.
- Supervisar a realización efectiva da práctica.
- Informar ao Consello Social de calquera incidencia relevante que puidera producirse durante a actividade.
- Enviar ao/á titor/a académico/a e ao Consello Social [practicacsocial@usc.es](mailto:practicacsocial@usc.es) un informe final de realización da práctica no prazo máximo de 15 días naturais dende a finalización desta. O contido mínimo deste informe recóllese no seguinte modelo dispoñible en [www.usc.es/csociaal/practicac](http://www.usc.es/csociaal/practicac)

D/Dª _____, en calidade de _____ (cargo) da empresa ou institución _____.	
<b>INFORMO</b>	
Que don/dona _____, con DNI _____, estudante da Universidade de Santiago de Compostela, realizou prácticas nesta entidade dende o (dd) _____ do (mm) _____ de (aaaa) _____ ata o (dd) _____ do (mm) _____ de (aaaa) _____, cunha duración total de _____ horas.	
Valore do 1 ao 5 cada un dos seguintes aspectos sobre o desempeño do estudante durante a realización da actividade, sendo 1 o menos favorable e 5 o máis favorable:	
Capacidade técnica	<input type="checkbox"/>
Capacidade de aprendizaxe	<input type="checkbox"/>
Administración de traballos	<input type="checkbox"/>
Habilidades de comunicación oral e escrita	<input type="checkbox"/>
Sentido da responsabilidade	<input type="checkbox"/>
Facilidade de adaptación	<input type="checkbox"/>
Creatividade e iniciativa	<input type="checkbox"/>
Implicación personal	<input type="checkbox"/>
Motivación	<input type="checkbox"/>
Puntualidade	<input type="checkbox"/>
Relación coa contorna laboral	<input type="checkbox"/>
Capacidade de traballo en equipo	<input type="checkbox"/>
Outros aspectos que considere importante destacar: _____	
O/a estudante desenvolveu as súas tarefas _____ (graos de satisfacción da entidade).	
Lugar, data e sinatura	

### ACREDITACIÓN PARA A ENTIDADE

A USC reconecerá ás empresas, persoas e institucións, previa petición destas, a súa colaboración no desenvolvemento das prácticas mediante a oportuna acreditación. Así mesmo para as empresas, persoas e institucións destacadas pola súa especial colaboración no desenvolvemento da realización de prácticas para os/as estudantes da USC, establecerase un selo de entidade colaboradora. A concesión do selo poderá supoñer o acceso a algúns servizos da USC.

### VÍNCULO DOS/DAS ESTUDANTES COA ENTIDADE COLABORADORA

- A relación dos/das estudantes en prácticas coas entidades colaboradoras non terá en ningún caso carácter laboral nin profesional.
- As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica tutelada.
- Os/As estudantes en prácticas non poderán realizar tarefas de responsabilidade na entidade colaboradora, nin as propias e exclusivas do seu persoal.
- A entidade colaboradora non poderá cubrir co alumnado en prácticas ningún posto de traballo, nin sequera con carácter eventual ou interino.
- Durante o período de prácticas, non se poderá formalizar ningún contrato de traballo entre a entidade colaboradora e o/a estudante.

### SEGURO DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS

A realización destas prácticas estará cuberta polo seguro escolar. Para os/as estudantes maiores de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente, a cargo do/da estudante, un seguro de accidentes. Os danos a terceiros como consecuencia da realización destas prácticas, terán cobertura polo seguro de responsabilidade civil da USC.